

Número 1 - Ano 2024

ACTA

da sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

12 de xaneiro de 2024

No Salón de Sesións do Excmo. Concello de Lugo, ás nove horas e cinco minutos do día doce de xaneiro de vinte e catro; baixo a presidencia da Excma. Sra. Alcadesa, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, reúnen-se os seguintes concelleiros e concelleiras DONA ELENA CANDIA LÓPEZ; DONA CRISTINA SANZ ARIAS; DON ENRIQUE ROZAS LÓPEZ; DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO; DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO; DONA FLORA RUBINOS ROIS; DONA SILVIA COLMENERO GUZMÁN; DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ; DON AGUSTÍN GALLEGO VIGO; DONA AURORA AIDA GOÁS CASTRO; DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY; DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO; DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Transición Ecolóxica e Impulso Rural; DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde da Área de Sostibilidade Urbana e Recursos Internos; DON MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Dinamización Económica; DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cohesión Social; DON JORGE BUSTOS ATANASIO, Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes; DONA MARÍA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, Concelleira Delegada de Benestar Social e Maiores; DON ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA, Concelleiro Delegado de Economía e Recursos Humanos; DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Mobilidade e Infraestruturas Urbanas; DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, Concelleiro Delegado de Infraestruturas Urbanas; DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Ilma. Tenenta de Alcalde da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza; e DON FELIPE RIVAS JORGE, Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do Coñecemento, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluída a presidenta.

Dá fe do acto o Secretario Xeral do Pleno en funcións, don Justo Díaz Rodríguez, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Manuel Vázquez Fernández.

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac8925717473017846888.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 12-1-2024

A presente sesión foi convocada por resolución da alcaldía de data 9 de xaneiro de 2024 e notificada por secretaría aos membros da Corporación conforme ao seguinte ORDE DO DÍA:

1. RENUNCIA DE DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ AO CARGO DE ALCALDESA DO CONCELLO DE LUGO.

Aberto o acto pola Presidencia e da súa orde, éntrase seguidamente no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes ACORDOS:

1/1 RENUNCIA DE DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ AO CARGO DE ALCALDESA DO CONCELLO DE LUGO (Exp. 2024/G004/000006).
--

Vista a proposta da Secretaría Xeral, do 9 de xaneiro de 2024, do seguinte teor literal:

“Visto que o día 9 de xaneiro de 2024 dona Lara Méndez López presenta escrito de renuncia o seu cargo de Alcaldesa do Excmo. Concello de Lugo, Rexistro de Pleno número 3/2024, do seguinte teor:

‘Eu, dona Lara Méndez López, con DNI 77594722 J, presento a miña renuncia ao cargo de Alcaldesa do Excmo. Concello de Lugo’.

E tendo en conta o previsto no artigo 40.4 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, no que se establece ‘O Alcalde poderá renunciar ao seu cargo sen perder por ilo a súa condición de Concelleiro. A renuncia deberá facerse efectiva por escrito ante o Pleno da Corporación, que deberá adoptar acordo de coñecemento dentro dos dez días seguintes’.

Por todo o exposto, propónse a adopción do seguinte acordo:

Tomar coñecemento da renuncia presentada por DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ ao cargo de Alcaldesa do Excmo. Concello de Lugo e dar conta do presente acordo á Xunta Electoral Provincial para o seu coñecemento e efectos oportunos.”

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno ACORDA tomar coñecemento da renuncia presentada por DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ ao cargo de Alcaldesa do Concello de Lugo, debendo dar conta deste acordo á Xunta Electoral Provincial para o seu coñecemento e efectos oportunos.

INTERVENCIÓNS

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois, moi bos días a todos e a todas. Imos dar comezo a esta sesión extraordinaria do pleno do día de hoxe, cun único punto da orde do día, secretario.

- **SECRETARIO:** O asunto que hai é a renuncia de dona Lara Méndez López ao cargo da alcaldesa do Concello de Lugo.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois como ben di o título enunciado do punto, hoxe tócame enfrontar o pleno máis difícil como alcaldesa, despois de case nove anos presidindo estas sesións plenarias, onde houbo plenos ás veces convulsos dialecticamente falando dende o punto de vista, pero sempre cun único e mesmo obxectivo. E hoxe o que me queda é dar grazas. Grazas en maiúsculas, primeiro á corporación municipal, á actual e ás pasadas, porque ao final o salón de plenos é o lugar de debate de propostas de contraposición de ideas, pero con ese fin común, que debemos ter todos e todas, que é a nosa cidade. Así que moitas grazas á corporación, aos socios de goberno neste último mandato por permitir esa estabilidade e por traballar arreo dúas forzas políticas, pero con ese mesmo común obxectivo que é Lugo, e por facelo doado para que saísen adiante grandes proxectos.

Ao grupo socialista, aos que estamos aquí hoxe, aos que estiveron tamén no pasado por permitirme liderar este proxecto, que foi unha gran honra para min. Ao meu partido, por deixarme e darme a oportunidade de ter o maior privilexio que un pode ter, que é ter sido alcaldesa da cidade de Lugo.

Ao equipo de asesores, de persoal de confianza, que están aí sempre nun segundo plano, que non se vén pero que fan unha labor encomiable e que son o sustento tamén do grupo municipal, do Goberno, e que fan esa labor incansable na sombra, que moitísimas grazas a todas e a todos.

Á grande familia de funcionarios e funcionarias desta casa, ao 619 traballadores a día de hoxe, que grazas ao esforzo colectivo, conseguimos un Lugo mellor. Conseguimos moitos proxectos que fan de Lugo a grande cidade que é. E non sería posible se detrás non hai un equipo de traballadores e traballadoras. Todos e cada un deles, podería nomear aos 619, porque todos teñen aportado o seu gran de area aos distintos servizos, pero nin é o momento nin quero cometer o erro de deixar a ninguén atrás. Así que moitísimas grazas por ese traballo que vai máis aló do profesional e que moitas veces tamén está no eido persoal.

A todos os axentes económicos e sociais de Lugo que hai. Somos unha cidade moi activa, con moitísimo movemento social e movemento asociativo, que desde os seus ámbitos tivemos unha interlocución diaria e constante, e tamén coas súas ideas e propostas axudaron a facer un Lugo mellor.

A toda a sociedade lucense, aos 98.189 veciños e veciñas que foron e son a esencia do noso traballo. Son para quen traballamos e non só traballamos para eles se non hai esa reciprocidade de que nos van trasladando tamén as súas inquiredanzas, necesidades, a través, xa digo, pois de asociacións ou de maneira individual polos moitos mecanismos que afortunadamente temos hoxe coas novas

tecnoloxías, pero tamén no ti a ti, na rúa, en cada esquina, en cada rincón desta preciosa cidade, desta nosa cidade.

Así que, moitísimas grazas a Lugo, porque foi un privilexio e unha honra ser a alcaldesa desta cidade.

Á miña familia tamén, non a quero olvidar o día de hoxe, que grazas á súa xenerosidade me permitiron a min estar 24 horas ao día, sete días á semana e así case nove anos. Despois de nove anos, evidentemente con acertos e erros. Os erros forman parte do día a día, da aprendizaxe, a experiencia constrúese a base de erros.

Creo que podó irme orgullosa de deixar unha cidade mellor, de traballar arreo e, evidentemente, quedan aínda proxectos por desenvolver e quedan proxectos por iniciar. Xa sabedes, e mo tedes escoitado en moitísimas ocasións, que unha vez que se cubre unha necesidade, xérase outra.

Pero iso é o dinamismo e a vida en si dunha propia cidade. Polo tanto, convencida de que seguirá un equipo de goberno, seguirá unha corporación traballando por e para Lugo. E isto non é tampouco unha despedida, senón que isto é un ata logo, porque... Víñao comentando esta mañá con Ana cando viñamos para aquí, que despois pasarei a ser unha veciña, a reivindicar as necesidades como veciña e a trasladar como veciña todo aquilo que poida aportar como fan eses 98189 veciños e veciñas da nosa cidade.

Pero tampouco é un ata logo, porque seguirei traballando por e para Lugo. Seguirei exercendo esa vocación de servizo público que levo innata, como todos e todas os compañeiros aquí presentes, porque cando damos un paso decidido de traballar con esa vocación, é algo que un leva interiorizado e leva no ADN.

Creo que deixo aquí moitos compañeiros e compañeiras, moitos amigos e amigas que seguirei mantendo. E deixo tamén o compromiso de seguir traballando por e para Lugo, que é o gran obxectivo que teño, que tiven e que terei. Seguir facendo de Lugo esa cidade, que é unha cidade vangardista, unha cidade punteira, unha cidade que está sendo referente no ámbito nacional e internacional e iso tenos que encher de orgullo a todas e todos os lucenses e unha cidade pola que merece a pena loitar cada segundo do día para intentar melloralala. Así que moitísimas grazas a todos e a todas. E o pleno do día de hoxe non ten máis puntos que esta renuncia, así que, de verdade, de corazón, moitas grazas.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Pois moi bo día a todas as persoas que estades hoxe aquí. Primeiramente, como non pode ser doutro xeito, Lara, desexarche o mellor no persoal nesta nova etapa vital, e tamén no político, porque todo o ben que che vaia neste novo campo político, pois vai ser bo tamén para a cidade. Entón, pois, dende logo, pois todas e todos desexamos que así sexa. E agradecerche a implicación durante estes anos, porque sabemos perfectamente o que é estar ao servizo público, sabemos o tempo que consume e sabemos todo o que conleva, non?.

E, dende logo, pois e eu quero transmitir en nome neste caso do meu grupo político, o agradecemento por estes anos, por estes, como dicías, case nove anos, ao fronte da alcaldía de Lugo.

E tamén transmitir á veciñanza de Lugo, que, tal e como dicía a alcaldesa, agora mesmo temos un goberno estable, temos un proxecto estable e todo vai continuar segundo as liñas marcadas. Polo tanto, é evidente que é unha situación diferente e pouco habitual, pero a xente pode estar totalmente tranquila de que imos seguir traballando por Lugo, porque ao final é o que o que queremos, o que nos involucra e polo que estamos aquí.

Así que nada máis, porque hoxe e o tempo ten que ser para Lara e simplemente pois rematar con iso, agradecendo e desexando moi boa sorte.

- **MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ:** Moi bo día a todos e grazas por permitirme tamén dedicar unhas palabras no pleno de hoxe. Os que me coñecedes, sabedes que son unha persoa contundente nas miñas intervencións e cando fago balance ou cando fago algunha análise dalgunha decisión intento dende o rigor informativo, desde a verdade, por suposto, pois poñendo a mellor intención e sempre desde o respecto.

Hoxe, efectivamente, é un pleno no que interveño en nome propio, en nome do meu grupo e seguro que dos voceiros cos que compartiches corporación, en representación do Partido Popular. Como municipalista convencida sempre sentín unha profunda admiración por todas aquelas persoas que daban un paso nesas administracións que tamén sempre identifiquei absolutamente transformadoras e imprescindibles na vida e no funcionamento dunha sociedade democrática.

E hoxe pois da maneira máis amable tamén este grupo quere dar as grazas por esa dedicación. Indubidablemente como municipalista, como dicía, como lucense, pero tamén no meu caso como muller. Creo que entre todas deberíamos facer un fronte común e en momentos como este ser capaces de ver sempre a parte positiva. Tempo e foros teremos de facer análises. Eu agradezo, por suposto, esa mensaxe de estabilidade que nos trasladou Rubén.

Agardo a mellor das sortes, especialmente no plano persoal e familiar, parece que estamos a nivel persoal, predestinadas a encontrarnos. Encontrámonos na Deputación, dunha maneira moi peculiar. Inicialmente no ano 11, despois no ano 15. Atopámonos aquí parece que os camiños se cruzan. Eu veño e ti marchas, pero indubidablemente aspiro, sempre facendo reflexión nos valores nos que me educaron, que independentemente onde nos atopemos e independentemente das diferencias ideolóxicas obvias, que imos ser capaces de traballar conxuntamente para unha cidade que tanto o precisa e para unha provincia que tamén sen dúbida necesita dese traballo leal e comprometido de todas as forzas política.

Así que dunha maneira sincera, da maneira amable, pero sobre todo moi sentida, desexámosche o mellor e agardamos que se siga acertando.

Insisto, moi agradecida desa mensaxe de tranquilidade que fixo o socio de goberno, e coa man tendida para a persoa que se elixa para seguir traballando coordinadamente.

Creo que para iso fomos elixidos todos, sempre dende o respecto ás decisións persoais, pero sempre con esa xenerosidade e compromiso cos obxectivos colectivos, e cando sexa así, a min persoalmente e a este grupo sempre ides encontrar unha man tendida. Moitas grazas e moitas sorte.

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac8925717473017846888.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 12-1-2024

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moitas grazas, tanto ao portavoz neste caso do BNG como á portavoz do Partido Popular.

Ao mellor, parece que agora xa estou un pouquiño máis tranquila. Pois, coa voz quebrada e coa emoción, creo que lóxica, porque non deixamos de ser persoas con sentimentos e hai días que os sentimentos están moi exteriorizados.

Ao mellor non se me entendeu, pero si que quixen trasladar, como dixer, que había continuidade no proxecto, porque hai un acordo programático, hai un obxectivo común, hai unha folla de ruta, que se pode compartir ou non licitamente, evidentemente. E hai moitos proxectos iniciados e moitos que se teñen que iniciar, que lle tocará pois a quen asuma a responsabilidade neste mandato, no futuro, nos vindeiros anos, porque, como digo, as cidades son cidades vivas e dinámicas, que cambian e que xeran necesidades día a día, que é o bo e o bonito.

E eu dende outro plano, como dicía doutra perspectiva, pero seguirei formando parte activa desa transformación de Lugo, dese futuro da nosa cidade e dese traballo conxunto que entre todas as administracións e entre todas as distintas forzas políticas seguiremos a facer arreo.

Así que, de verdade, moitísimas grazas por esas palabras de agradecemento, de cariño, que así as tomo, e de verdade e de corazón, moitísima grazas, Lugo.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Excmo. Sr. Alcalde en funcións dá por rematada a sesión, sendo as nove horas e vinte minutos do expresado día doce de xaneiro de dous mil vinte e catro, estendéndose esta acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez aprobada polo Excmo. Concello Pleno, transcribírase ó Libro de Actas. De todo o cal, eu, don Justo Díaz Rodríguez, dou fe.